

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 15 de xullo de 2009, aprobou o PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DE VINTECINCO PRAZAS PARA A ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES DEPENDENTES EN RÉXIME DE ATENCIÓN DIURNA.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto:

É obxecto deste contrato o concerto de **vintecinco prazas**, en réxime de atención diurna, para a atención de persoas da terceira idade residentes no termo municipal de Lugo que, polas súas eivas físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares, teñan reducida a súa autonomía para as actividades da vida diaria

b) Prazo de execución: O prazo de duración deste contrato é de UN ANO contado desde a súa formalización en documento administrativo. O contrato poderá ser obxecto de prórroga, por períodos anuais por acordo do órgano de contratación, formalizado de forma expresa con anterioridade ó remate do prazo de vixencia, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato:

O valor estimado (primeira anualidade máis as prórrogas) do contrato ascende a 798.504 euros.

O prezo unitario mensual por praza é 712 euros/praza mensual IVE (7%) incluído.

5.- Garantías:

a) Provisional: 5.988,78 euros

b) Definitiva: O 5% do importe de adjudicación excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-71-27, 29-73-27.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

Estar rexistradas como entidade prestadora de servizos sociais na Xunta de Galicia e que a entidade dispoña de instalacións adecuadas para a prestación do servizo no termo municipal de Lugo.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partir da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: O segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 154,18 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 22 de xullo de 2009

O ALCALDE,

P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA

(Decreto Alcaldía nº 75/2007)

Asdo.: Sonia Mendez Garcia